

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



EXPOSICIÓN

ROSALÍA DE CASTRO NA BIBLIOTECA DE AGUSTÍN SIXTO SECO

15 SETEMBRO - 30 OUTUBRO 2015

EDIFICIO DA BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA
GAIÁS - CIDADE DA CULTURA

XUNTA DE GALICIA

Agustín Sixto Seco e Rosalía de Castro

Agustín Sixto Seco nado en Mugar- dos en 1926, foi un médico e intelectual galeguista. O mesmo Sixto Se- co explica nun artigo como espertou nel o interese por Rosalía de Cas- tro. Foi no ano 1947 ao escoitar unha conferencia do seu profesor José Pérez López-Villamil, titulada *La personalidad enferma de Rosa- lía de Castro*, en que o profesor expoñía que o sufrimento patobiográ-

fico se reflectía no rostro de Rosalía. A partir desta conferencia, Agustín Sixto Seco profundizará ao lon- go da súa vida no estudo da personalidade de Rosa- lía a través dunha nova ciencia, a psico-neuro-inmu- noloxía, que trata da relación entre a saúde do cor- po e as emocións. Todos estes estudos culminan no traballo *Achegamento médico-antropolóxico á perso- nalidade de Rosalía* que presenta no ano 1985 ao Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo.

Sixto

Padroado Rosalía de Castro

Logo da guerra civil, os líderes do galeguismo que permanecen en Ga- licia renuncian á resistencia políti- ca e refúxianse nun labor exclusi- vamente cultural. Así, o 15 de no- vembro de 1947 constitúese no Ho- tel Compostela, en Santiago, o Pa- droado Rosalía de Castro. Nesta reunión anúnciase a adquisición por parte de Xosé Villar Granjel e Xosé Mosquera da Casa da Matan-

za, en Padrón, onde Rosalía de Castro viviu os derradeiros anos da súa vida.

Ao ano seguinte apróbanse os primeiros estatutos do Padroado. Os actuais definen os seguintes fins: coidar a Casa e o Mausoleo, promover o coñecemento da vida e da obra de Rosalía de Castro, do seu marido, Murguía, e dos seus fillos, celebrar actos públicos, cando menos, nas da- tas conmemorativas de Rosalía (24 de febreiro, 17 de maio e 15 de xu- llo), fomentar e difundir a lingua e a cultura galegas.

O primeiro presidente do Padroado foi Luís Iglesias Iglesias. Agustín Sixto Seco accede á presidencia no ano 1970. Dous anos máis tarde, inaugúrase a Casa-Museo de Rosalía de Castro, sendo o seu primeiro director Xosé Filgueira Valverde. A restauración da casa fíxose grazas a unha colecta popular.

No ano 1995, por necesidades de tipo legal, o Padroado convértese na Fundación Rosalía de Castro. Para alcanzar o fin de coñecemento da obra de Rosalía, Murguía e o seus fillos, que aparece recollido nos esta- tutos da Fundación, o 15 de xullo de 1999, inaugúrase o Centro de Es- tudos Rosalianos (CER).



FUNDACIÓN
CIDADE DA CULTURA
DE GALICIA

galicia

Depósito Legal C 1595-2015



*Rosalía é unha muller xenial...
E reacciona, de xeito conmovedoramente
aleccionador, loitando contra os efectos da súa
patoloxía corporal e psíquica da única forma na
que un xenio —precisamente porque ignora que
o é— pode reaccionar: asumindo a súa dor mentres
se consome o seu corpo; cantando e contando nos
seus escritos as experiencias do mundo que a rodea
dende as fonduras desoladas do seu mundo.*

(Agustín Sixto Seco. *Luces e sombras na figura humana de Rosalía: conferencia inaugural do Curso da Asociación de Amigos dos Pazos*. Vigo, 27/X/1987)



XUNTA
DE GALICIA

Homenaxes a Rosalía

No ano 1963, ao coincidir co centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, a Real Academia Galega aproba por unanimidade declarar Día das Letras Galegas o 17 de maio de cada ano. Os académicos explican así os motivos para esa celebración:

«Todos sabemos que o libro rosalián editado en 1863, ten sido

a primeira obra maestra con que contou a Literatura Galega Contemporánea. A súa aparición veu a lle dar prestixio universal á nosa fala como instrumento de creación literaria. Representa, pois, un fito decisivo na historia da renacemento cultural de Galicia».

A partir desta data sucederíanse outras homenaxes como a do ano 1975 ou a do Banco de España do ano 1979, ao ilustrar o billete de 500 pesetas co retrato de Rosalía no anverso e no reverso, a Casa-Museo. En 1980, celébrase o centenario de *Follas novas* e no 1984 o de *En las orillas del Sar*.

O ano 1985 marca un punto de inflexión nos estudos sobre a figura de Rosalía. Celebrábanse os 100 anos do falecemento da escritora e, por ese motivo, a Xunta de Galicia declara ese ano **Ano de Rosalía de Castro**. Entre outras actividades desenvolvidas durante este ano, cabe destacar a celebración en Santiago de Compostela do **Congreso Internacional de Estudos sobre Rosalía de Castro e o seu Tempo**.

Agustín Sixto Seco: *O Médico da Cultura*

1926 Nace na aldea de San Vicente de Meá (Mugardos).

1932 Xosé Mosquera Pérez funda a Misa de Rosalía o vinte e cinco de xullo.

1936 Fusilan ao seu tío Xaquín.

1937 Detención do seu pai.

1940-1944 Colexio Rapariz (Ferrol). Mestre Ricardo Carballo Calero.

1942 Xosé Mosquera Pérez e Xosé Villar Granjel mercan a casa onde Rosalía viviu os derradeiros días da súa vida (Casa da Matanza).

1945-1951 Estuda Medicina en Santiago de Compostela. Especialidade Traumatoloxía. Acode aos faladoiros do café Español na rúa do Vilar (Santiago de Compostela) que presidía Ramón Otero Pedrayo. Asistían Ramón Piñeiro, García-Sabell.

1948 Constitúese o Padroado Rosalía de Castro.

1950 Pasamento de Castelao.

1954 Inauguración dos *Mércores clínicos* no Hotel Compostela. Conselleiro da Editorial Galaxia.

1955 Casa en Ferrol con Josefina da Silva.

1960 Director Xerente da editorial SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos).

1962 Fundador e Secretario Xeral da Sociedad Deportiva Compostela.

1964 Fundador do Instituto Policlínico La Rosaleda.

1970 Presidente do Padroado Rosalía de Castro. Premio Nacional de Ortopedia.

1971 Rematan as obras de restauración da Casa da Matanza (Padrón).

1973 Publica *Proceso en Galicia a las prótesis totales de cadera*.

1974 Fundador da Sociedad de Cirugía de Galicia (SOCIRGA).

1976 Pasamento de Ramón Otero Pedrayo. Patrón fundador do Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela).

Este Padroado... foi, dun xeito certamente glorioso, un dos fachos que puideron manterse permanentemente acesos durante os longos tempos en que os increíbles vieiros da política impedían o dereito á natural e indeclinable expresión do sentimento galeguista. (Agustín Sixto Seco. *O Patronato Rosalía de Castro: unha avanzada nos ideáis do galeguismo*. Nadal 1980)

1977 Nace o Instituto Galego de Información. Sixto Seco formou parte do Consello de Administración.

1979 Presidente da Fundación Otero Pedrayo.

1983 Secretario do Consello da Cultura Galega.

1983-1985 Preside a Sociedad Española de Cirugía Ortopédica y Traumatología.

1985 Publica *Sentencia en Galicia a las prótesis totales de cadera*.

1985 Ano Rosalía de Castro.

1988 Membro do padroado da Fundación Penzol.

1989 A SEPT publica a primeira tradución da Biblia ao galego. Membro do Padroado da Fundación Castelao.

1990 Patrón da Fundación Camilo José Cela.

1990-1993 Dirixe o programa da Radio Galega, *Parladoiro*.

1992 Socio de honra e medalla de ouro do Centro Gallego de Buenos Aires.

1994 Patrón da Fundación Alfredo Brañas.

1995 Membro do Consello Reitor do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

1997 Publicase *Entre portas*, unha selección de artigos que Sixto Seco publica na columna do mesmo nome no diario *El Correo Gallego*.

2002 Coautor de *Historia de la SECOT* e do *Diccionario galego de termos médicos*.

2004 Pasamento.

2005 Publicase o libro titulado *O escarpelo literario*, un recopilatorio dos artigos publicados por Sixto Seco en que analiza a realidade social, económica e política de Galicia. Premio Trasalba 2005 e Medalla de Ouro de Galicia a título póstumo.

Rosalía de Castro muller-símbolo de Galicia

Se hai un concepto que Agustín Sixto Seco remarca ao longo de todos os seus escritos sobre Rosalía, é o de *muller-símbolo* de Galicia. Nunha das súas conferencias di que Rosalía se converte nun símbolo para Galicia a partir da súa morte. Isto demóstrase nos seguintes acontecementos: a necrolóxica de Rosalía ocupa toda a primeira páxina do xornal *Gaceta de Galicia*;

por petición dos estudantes da Universidade de Santiago, o corpo da poetisa é trasladado ao Panteón dos Galegos Ilustres no ano 1891; o propietario da casa onde viviu Rosalía os últimos anos da súa vida coloca unha lápida conmemorativa nunha das paredes desta casa no ano 1900. A xente do pobo comeza a chamala “a Santiña”. A reconstrución desta casa por parte do Padroado no ano 1971, convértea nun lugar de peregrinaxe laica, completamente institucionalizada coa posterior creación da *Ruta Rosaliana*.